

## FGE | Next GeneratiOn Galicia

O Mecanismo de Transición Xusta: a ferramenta rexional para facilitar a transición verde	
<b>Data</b>	3 de maio de 2022
<b>Lugar</b>	En liña
<b>Organización</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo</li><li>▪ Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación</li><li>▪ Consellería de Facenda e Administración Pública</li><li>▪ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda</li><li>▪ Consellería de Medio Rural</li><li>▪ Consellería de Infraestruturas e Mobilidade</li><li>▪ Consellería de Sanidade</li><li>▪ Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais</li><li>▪ Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE</li><li>▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN)</li><li>▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)</li><li>▪ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)</li></ul>
<b>Relatora</b>	<p><b>Brieuc Posnic</b>, responsable de políticas na Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea (DG ENER)</p> <p><b>Jordi Montané</b>, responsable de políticas na Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea (DG REGIO)</p>

## INTRODUCCIÓN

Neste cuarto encontro virtual de 2022, os relatores ofreceron unha visión xeral do Mecanismo de Transición Xusta (MTX), proposto polo executivo comunitario para asegurar que a transición ecolóxica sexa en todo caso "xusta e integradora". O MTX está formado por tres piares: un réxime de Transición Xusta no marco de InvestEU, un instrumento de préstamos ó sector público e un Fondo de Transición Xusta. Porén, o acceso a este financiamento só se garantirá mediante os Plans Territoriais de Transición Xusta, aínda pendentes de aprobación.

A sesión foi inaugurada por Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, quen indicou que a transición ecolóxica implica cambios estruturais que derivan na diminución das economías e dos niveis de emprego de moitas rexións europeas. Para paliar esta situación son precisos instrumentos como o Fondo de Transición Xusta (FTX), que asignará máis de 100 millóns de euros á provincia de A Coruña por ter sido identificada como zona de transición xusta, debido ó peche das centrais de As Pontes e de Meirama.

O director xeral tamén subliñou o papel da Fundación Galicia Europa, que xa organizou múltiples reunións de alto nivel entre as institucións europeas e o Goberno galego para tratar as implicacións da aprobación do FTX, ó tempo que colabora coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e co IGAPE no seguimento desta materia.

Tras as intervencións dos relatores e co ánimo de mostrar a perspectiva galega sobre esta materia, tomaron a palabra Raquel Rodríguez Espiño directora da Área de Investimento do IGAPE, e María Coutinho Villanueva, subdirectora xeral de Recursos Minerais, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

## RESUMO DA REUNIÓN

Aínda que todas as rexións precisarán financiamento para a transición verde, non todas elas asumirán este proceso do mesmo xeito. Para moitos territorios, esta transición suporá unha transformación en profundidade das súas economías, cambios estruturais nos modelos de negocio e novos requisitos en materia de cualificacións.

Co ánimo de abordar os retos específicos que teñen que afrontar as rexións máis afectadas, a Comisión Europea propuxo un Mecanismo para unha Transición Xusta (MTX) que ofrezca apoio específico para xerar investimento. O MTX tratará de mobilizar durante o período 21-27 preto de 55 mil millóns de euros en investimentos públicos e privados a través dos seus tres piares.

## PIARES

### 1. Fondo de Transición Xusta

Trátase dun fondo moi específico que **beneficiará a territorios altamente dependentes de industrias que non teñen cabida no proceso de transición verde** (producción de carbón, grandes emisións de gases de efecto invernadoiro) e nos que a desaparición destas industrias implica custos sociais e económicos catastróficos dada a inexistencia doutras actividades económicas transcendentales na área.

O FTX **concederá subvencións** ás zonas máis vulnerables para afrontar os desafíos e custos que xerará o proceso de cambio e **utilizarase no marco da política de cohesión**, sendo os seus fondos empregados en **réxime de xestión compartida**.

O FTX conta cun **orçamento de 19 200 millóns de euros a prezos correntes**, máis existe a **posibilidade de que os seus recursos sexan incrementados con posterioridade ó 31 de decembro de 2024**. Neste suposto, introduciríase un **Mecanismo de recompensa ecolóxica** ligado á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro lograda nas rexións de apoio do FTX, de xeito que aquelas que presenten unhas reducións maiores recibirán máis financiamento.

As asignacións por Estado membro son establecidas no regulamento do FTX. **A asignación prevista para España é de 879 millóns de euros a prezos correntes, dos cales 111 serán asignados a Galicia.**

Ademais, **o acceso ó FTX estará supeditado á adopción dun obxectivo nacional para a consecución da neutralidade climática para 2050 a máis tardar**. Para os Estados membro que aínda non adoptasen este obxectivo, só se liberará o 50% da súa asignación nacional, mentres que o 50% restante só se porá a disposición unha vez que se adopte tal obxectivo.

Se así se considera, o orçamento do FTX verase complementado de maneira voluntaria polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ou polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+), e o cofinanciamento nacional segundo o establecido polas normas da política de cohesión. **En ningún caso, os recursos transferidos poderán exceder o triplo do importe da axuda do FTX. O cofinanciamento será dun 85% nas rexións menos desenvolvidas, dun 70% nas rexións en transición e dun 50% nas rexións máis desenvolvidas.** Ademais, o BEI poderá financiar parte da contribución nacional dos Estados membros a través de préstamos para programas estruturais, tal e como se fai na política de cohesión.

**Os territorios beneficiados serán en todo caso NUTS 3 (provincias)**, que serán designados polos Estados membro nos seus Plans Territoriais de Transición xusta sobre a base do Anexo D do “Informe País” saído á luz no contexto do Semestre Europeo. **Os Estados membros asignaran ós seus territorios beneficiarios cantidades específicas das súas asignacións nacionais.**

### O FTX financiará exclusivamente as actividades designadas no artigo 8 do seu regulamento:

- **Investimentos**
  - En pemes, incluídas as empresas emerxentes, que dean lugar a unha diversificación económica e a unha reconversión.
  - Na creación de novas empresas.
  - En I+i e fomento da transferencia de tecnoloxías avanzadas.
  - No despregamento de tecnoloxías e infraestruturas para unha enerxía limpa accesible, na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, a eficiencia enerxética e as enerxías renovables.
  - En dixitalización e conectividade dixital.
  - Na rexeneración e descontaminación de emprazamentos, proxectos de rehabilitación e de reorientación de terras e na mellora da economía circular.
- Actividades relacionadas coa mellora de capacidades e reciclaxe profesional de traballadores, a asistencia a aqueles que procuran emprego, a inclusión activa dos solicitantes de emprego e a asistencia técnica.

### Non poderán recibir financiamento do FTX as actividades incluídas no artigo 9 do seu regulamento:

- O desmantelamento ou construción de centrais nucleares.
- A fabricación, a transformación e a comercialización de tabaco e produtos do tabaco.
- As empresas en crise<sup>1</sup>, a non ser que se traten de empresas en crise que poidan recibir apoio de conformidade coas normas temporais da UE sobre axudas estatais establecidas para abordar circunstancias excepcionais ou de conformidade coas normas *de minimis*, para apoiar investimentos que reduzan os custos de enerxía no contexto da transición enerxética.
- Os investimentos relacionados coa produción, a transformación, a diminución, o almacenamento e a combustión de combustibles fósiles.

<sup>1</sup> Segundo o definido no artigo 2.18 do Regulamento 651/2014 de exención por categorías

## 2. Réxime de Transición Xusta específico no marco de InvestEU

Proporcionará un sistema para xerar investimentos adicionais en beneficio das rexións de transición xusta, que será complementario do Fondo de Transición Xusta (Piar 1) e do instrumento de préstamo ó sector público (Piar 3). Mediante este réxime será posible apoiar os investimento nestas rexións a través de calquera dos eixos de actuación de InvestEU, en función das necesidades específicas determinadas polos Estados membros nos seus Plans Territoriais de Transición Xusta.

O apoio estará orientado a **investimentos viables dende o punto de vista económico por parte de entidades do sector público e privado** e realizarase a través dos instrumentos financeiros de InvestEU propostos polos socios executantes do programa. O 75% do programa será executado polo BEI, pero outras institucións tamén poderán converterse en socios financeiros, como poden ser os organismos nacionais de promoción (v.g. ICO) ou entidades financeiras como o Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento (EBRD) ou o Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa (CEB).

Apoiará o financiamento de proxectos de infraestruturas de enerxía e de transporte, incluídas as infraestruturas de gas e a calefacción urbana, de descarbonización, a diversificación económica das rexións ou as infraestruturas sociais .

**Financiaranse proxectos en rexións consideradas de transición xusta e definidas como tales nos Plans Territoriais, pero tamén outros proxectos que beneficien a esas rexións, a condición de que a concesión do financiamento fóra dos territorios beneficiarios do réxime de transición xusta sexa esencial para a transición nestes últimos** (v.g. proxectos de infraestruturas de transporte ou enerxía que melloren a conectividade dos territorios beneficiarios do réxime de transición xusta).

## 3. Instrumento de préstamo ó sector público do BEI

Será executado conxuntamente pola Comisión Europea e o BEI e consistirá nun **compoñente de subvención por un valor de preto de 1 525 millóns de euros do orzamento da UE e un compoñente de préstamo do BEI de ata 10 000 millóns de euros, con cargo ós seus recursos propios**. Despois de que a súa proposta lexislativa entre en vigor, e tras a firma dun acordo administrativo entre a Comisión e o BEI, o instrumento estará finalmente operativo.

A Comisión Europea, a través da súa Axencia Executiva Europea do Clima (CINEA), xestionará en réxime de xestión directa o compoñente de subvención do instrumento e o BEI proporcionará o compoñente de préstamo, de conformidade cos procedementos do propio Banco. **Debe garantirse o financiamento do BEI para recibir a subvención e só poderán optar ás axudas os proxectos que non son economicamente viables (e que, polo tanto, non poderían financiarse sen o apoio da subvención).**

**O compoñente de subvención estará dispoñible para os proxectos elixibles dos Estados membros en resposta a convocatorias de propostas que non superen as cotas nacionais ata o 31 de decembro de 2024. A partir desta data, poranse en marcha convocatorias a escala da UE cos recursos restantes.**

Ademais, **os beneficiarios poderán recibir asesoramento** para a preparación, desenvolvemento e execución dos proxectos que poden recibir unha subvención a través do centro de asesoramento creado no marco de InvestEU.

Os proxectos elixibles serán os investimentos do sector público en rexións de transición xusta definidas como tales polos Plans Territoriais de Transición Xusta, pero tamén outros proxectos que benefician a esas rexións, a condición de que a concesión do financiamento fóra dos territorios beneficiarios do réxime de transición xusta sexa esencial para a transición nestes últimos. Entre os investimentos que se apoiarán figurarán as infraestruturas enerxéticas e de transporte, as redes de calefacción urbana, as medidas de eficiencia enerxética e as infraestruturas sociais, aínda que tamén poderán incluírse outros sectores.

## OS PLANS TERRITORIAIS DE TRANSICIÓN XUSTA

O acceso ó financiamento dos tres piares garantirase mediante a aprobación dos Plan Territoriais de Transición Xusta, que determinarán as necesidades de desenvolvemento dos territorios afectados pola transición climática de maneira coherente cos Plans Nacionais de Enerxía e Clima dos Estados membros.

Exporán de forma detallada os retos sociais, económicos e medioambientais derivados da supresión progresiva das actividades relacionadas cos combustibles fósiles ou da descarbonización dos procesos ou produtos que xeren grandes cantidades de gases efecto invernadoiro.

Ademais, describirán o proceso de transición ata o ano 2030, especialmente:

- As necesidades de desenvolvemento, a reciclaxe profesional e a rehabilitación do medio ambiente.
- A estratexia para dar resposta a estas necesidades de maneira integrada.
- O calendario de transición e os tipos de operacións previstas.
- Os mecanismos de gobernanza.

Estes Plans, que serán entregados á Comisión Europea para a súa aprobación, están sendo elaborados polos Estados membros sobre a base do Anexo D do “Informe País”, publicado en febreiro no contexto do Semestre Europeo. Este recollía tanto as accións prioritarias elixibles polo FTX como as zonas que poderían resultar beneficiarias, tal e como é o caso da provincia de A Coruña, identificada como unha das áreas nas que *“parece xustificado que o Fondo de Transición Xusta concentre a súa intervención”*. **A Comisión Europea asegurase de que estes territorios aparezan nos Plans Territoriais, pero os Estados membros poderán engadir máis territorios sempre que exista unha xustificación sólida e fundamentada na transición verde.**

**Os Plans deberán ser presentados e aprobados pola Comisión Europea antes de que remate 2022.**

## RÉXIME DE TRANSICIÓN XUSTA NOS CONTEXTO DAS DAR

### Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional 21-27 (DAR)

Como regra xeral, son posibles as axudas a grandes empresas

#### ZONA A

##### APOIO DE “INVESTIMENTOS INICIAIS”

Investimento en activos materiais e inmateriais relacionado con:

- I. A creación dun novo establecemento.
- II. A ampliación de capacidade dun establecemento existente.
- III. A diversificación da produción dun establecemento a produtos que anteriormente non se producían no establecemento.
- IV. Un cambio fundamental no proceso xeral de produción do produto ou produtos afectados polo investimento no establecemento.

#### ZONA C

##### APOIO DE “INVESTIMENTOS INICIAIS QUE CREEN UNHA NOVA ACTIVIDADE ECONÓMICA”

Investimento en activos materiais e inmateriais relacionado con:

- I. A creación dun novo establecemento.
- II. A diversificación da actividade dun establecemento, sempre que a nova actividade non sexa a mesma nin similar á realizada previamente no establecemento.



Tal e como sinalan as Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional (DAR) 21-27, “*nos territorios máis afectados pola transición climática, as vantaxes estruturais das que dispoñen as grandes empresas poderían non ser suficientes para acadar o nivel de investimento vital que garanta unha transición socioeconómica equilibrada e ofrecer suficientes oportunidades de emprego para compensar as perdas de postos de traballo derivadas do peche de actividades económicas provocado pola transición*” Debido a isto, nas zonas “c” poderán considerarse tamén compatibles co mercado interior as axudas rexionais a grandes empresas que impliquen:

- A diversificación da produción dun establecemento<sup>5</sup> a produtos que anteriormente non se producían no establecemento (gráfico, caso III).
- Un cambio fundamental no proceso xeral de produción do produto ou produtos afectados polo investimento no establecemento (gráfico, caso IV).

Sempre que se cumpran as seguintes **tres condicións de maneira acumulativa**:

- i. Debe tratarse dun investimento inicial nun territorio designado de transición xusta nunha zona “c” cun PIB per cápita inferior ó 100% da media da UE-27.
- ii. O investimento e o beneficiario teñen que estar designados no Plan Territorial de Transición Xusta, no que debe demostrarse que os investimentos nestas empresas son precisos para compensar a perda de postos de traballo debida á transición, non podendo compensarse coa creación de emprego nas pemes.
- iii. A axuda estatal para o investimento ten que estar cuberta polo Fondo de Transición Xusta ata o máximo permitido. **No suposto galego, isto implicaría unha intensidade de axuda máxima do 15%.**

Porén, aquelas zonas “a” que tamén sexan consideradas zonas de transición xusta, poderán incrementar a intensidade das súas axudas nun 10%, o que agravará as diferencias con respecto ás zonas “c”. Se xeralmente as diferencias entre ambas zonas é dun 15%, neste supostos chegarase (polo menos) ó 25%.



## ENLACES DE INTERESE

### LEXISLACIÓN

- [Regulamento \(UE\) 2021/1056](#) polo que se establece o Fondo de Transición Xusta
- [Regulamento \(UE\) 2021/523](#) polo que se establece o Programa InvestEU
- [Regulamento \(UE\) 2021/1229](#) relativo ó instrumento de préstamo ó sector público no marco do Mecanismo para unha Transición Xusta

### OUTROS

- [Nota de prensa: A Xunta e a Comisión abordan as consecuencias económicas e sociais da Transición Xusta](#)